
Viburnum opulus L., 1753

- viburno, bóla de neve, flor do mundo
- viburno, mundillos
- andorra, gaukar
- aliguer, bola de neu, pom de neu
- guelder rose, European cranberry bush
- bola de neve



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA **PM**

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISIÓN	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Tracheophyta	**Magnoliopsida**	**Dipsacales**	**Viburnaceae**	***Viburnum***

ORIXE

Europa.

CARACTERÍSTICAS

Arbusto de ata 3 m de altura, erecto, con talos ramificados, pólas rectas, codia marrón engurrada ou angular e glabra. Follas de 35-75 x 75-115 mm, opostas, caducas, cunha lámina palmada, lobulada e plana; con lóbulos con marxes irregularmente dentadas. A superficie superior é brillante e a inferior máis pálida. Flores dispostas en inflorescencias globosas, de ata 6 cm de diámetro, con ata 90 flores en cimas corimbiformes. Son cigomorfas, sésiles ou con pedicelos curtos; as da periferia da inflorescencia son estériles. O cáliz consiste nun tubo que se abre en 5 dentes, máis grandes nas flores fértiles. A corola rotada, de cor branco-amarelada, é máis grande nas flores estériles. O froito é unha drupa de ata 11 mm de longo, ovoide ou subglobosa e de cor vermello-azulada. Florece de maio a xullo.

HÁBITAT

Bosques, matogueiras, sebes, pantanos, beiras de regatos e lugares húmidos. Solos húmidos neutros ou calcarios. Tamén se planta habitualmente en xardíns e parques. Desde os 500 ata os 1000 m de altitude.

DISTRIBUCIÓN

Atópase en Europa, Asia e o noroeste de África. Na Península Ibérica limítase á Cordilleira Cantábrica e aos Pireneos, sendo máis rara noutras cordilleiras.

CURIOSIDADES

Esta planta contén polisacáridos con propiedades inmunoestimuladoras que melloran a fagocitose e provocan a liberación de encimas lisosómicos dos macrófagos.